Asemade, garante a trazabilidade e posibilita a xestión completa de toda a información que intervéñen no proceso de comercialización do produto e facilita a xestión interna das confrarías participantes mediante un portal personificado no que poden xestionar a información pública e privada como elemento integrador cos seus socios, axentes operadores e público en xeral.

Entre outros avances que contribúen á dixitalización das lonxas destaca o uso dos caixeiros TICPESC nos portos galegos, que permiten o acceso á administración electrónica para realizar xestións do traballo diario, o que evita desprazamentos innecesarios ás oficinas da Xunta; e a instalación dun sistema de pesado, que permite que os produtos que vaian ser trasladados para a súa primeira venda a un porto distinto ao que se descarguen poidan ser pesados no momento do desembarque, en cumprindo da norma comunitaria.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1.-) Que valoración fai a Consellería do Mar sobre a evolución do proxecto Primare para a modernización e transformación dixital do sector do mar?



2.-) Ata a actualidade, cal foi o nivel de participación de provedores, compradores e beneficiarios na iniciativa Lonxas 4.0?

3.-) Ten previsto a Consellería do Mar mellorar e dotar de novas funcionalidades á iniciativa Lonxas 4.0? De ser así, de que se trataría e a que colectivos beneficiaría?

4.-) Que valoración fai a Consellería do Mar sobre a implantación dos caixeiros TICPESC?

5.-) Ten previsto a Consellería do Mar ampliar a rede de caixeiros TICPESC nos portos galegos?

6.-) Ten previsto a Consellería do Mar ampliar a rede de sistemas de pesado nos portos galegos?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 21/07/2021 19:00:52**

**José Manuel Balseiro Orol na data 21/07/2021 19:01:12**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, José Alberto Pazos Couñado, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

Consideramos necesario que os sectores da pesca, a transformación e a comercialización reciban apoio financeiro da Unión Europea para afrontar o impacto do brexit no caso de que non se chegue a un acordo.

A cantidade de fondos do “Brexit Adjustment Reserve” (“Reserva de Adaptación ao Brexit”), dotado con 5.000 millóns de euros, que recibirá a cadea mar-industria ante a inminente retirada do Reino Unido da UE, ten como fin contrarrestar as consecuencias imprevistas e adversas do brexit nas rexións e sectores máis afectados.

No caso de que non se chegue a un acordo despois deste período de cinco anos e medio, os buques da Unión correrían o risco de perder o acceso ás augas do Reino Unido e as posibilidades de pesca nelas a partir do fin do período de transición. Esta circunstancia tería un impacto significativo para a frota europea, e afectaría negativamente o sustento económico de moitas comunidades pesqueiras da Unión.

Apoiamos firmemente que o sector pesqueiro conte con apoio financeiro da Unión para facer fronte ás probables consecuencias do acordo do brexit en materia pesqueira, e aínda que seguimos considerando necesario un acordo pesqueiro completo, equilibrado e a longo prazo, e que manteña o acceso recíproco a augas e recursos, tamén apostamos por conseguir un BAR que achegue axudas para paliar os impactos directos e indirectos que este acordo poda ocasionar.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta:

1.-) Qué opinión ten o Goberno galego sobre a proposta de criterios fixada pola Comisión Europea para o reparto do fondo destinado ao ámbito pesqueiro dentro do Brexit Adjustment Reserve (BAR)?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021



**José Alberto Pazos Couñago na data 21/07/2021 19:01:25**

**Ana Belén García Vidal na data 21/07/2021 19:01:36**

**Manuel Santos Costa na data 21/07/2021 19:01:42**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 21/07/2021 19:01:47**

**Daniel Vega Pérez na data 21/07/2021 19:02:32**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 21/07/2021 19:06:59**

**José Manuel Balseiro Orol na data 21/07/2021 19:07:11**

**José Alberto Pazos Couñago na data 21/07/2021 19:07:20**

**Ana Belén García Vidal na data 21/07/2021 19:07:28**

**Manuel Santos Costa na data 21/07/2021 19:07:35**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 21/07/2021 19:07:41**

**Daniel Vega Pérez na data 21/07/2021 19:07:49**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, José Alberto Pazos Couñado, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

O Parlamento Europeo aprobaba a Resolución de 21 de xaneiro de 2021, sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, concretamente sobre as medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sostible (RMS), en particular zonas de recuperación de poboación de peixes e zonas mariñas protexidas.

Nesta resolución o Parlamento Europeo, despois dunha serie de consideración, propón un total de 42 medidas divididas en tres grupos:

- Medidas para a mellora da ordenación da pesca para rematar coa sobrepesca.
- Ampliar a rede de zonas protexidas e mellorar a súa ordenación.
- Abordaxe doutros factores medioambientais que ameazan a recuperación das poboacións de peixes.

Xa para rematar insta á Comisión a considerar as peticións formuladas nesta Resolución e a responder a elas no seu novo plan de acción para a conservación dos recursos pesqueiros e a protección dos ecosistemas mariños, que ten previsto presentar en 2021 e, na súa revisión da PCC, así como en todas as próximas propostas legislativas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

1.-) Que opinión ten o Goberno galego da Resolución do Parlamento Europeo, en relación sobre un aumento dos recursos pesqueiros no mar, concretamente sobre as medidas para promover a recuperación das poboacións de peixes por riba do rendemento máximo sostible (RMS), en particular zonas de recuperación de poboación de peixes e zonas mariñas protexidas?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 21/07/2021 19:13:25**

**José Manuel Balseiro Orol na data 21/07/2021 19:13:39**

**José Alberto Pazos Couñago na data 21/07/2021 19:14:08**

**Ana Belén García Vidal na data 21/07/2021 19:14:18**

**Manuel Santos Costa na data 21/07/2021 19:14:24**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 21/07/2021 19:14:34**

**Daniel Vega Pérez na data 21/07/2021 19:14:43**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, José Alberto Pazos Couñago, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª de Pesca e Marisqueo**

A Conselleira do Mar, Rosa Quintana, visitaba o porto da Pobra do Caramiñal con motivo dunha petición que nace do propio sector, para buscar diferentes posibilidades construtivas que permitan unha solución permeable ás correntes no peirao comercial do porto.

Somos coñecedores, polo noso contacto có sector, que a presidenta de Portos de Galicia, ten reunións periódicas con usuarios dos portos da nosa Comunidade, e son moitas as demandas que ten escoitado ao longo dos meses que leva ostentando o seu cargo. Unha desas peticións é a do sector marisqueiro da Pobra do Caramiñal.

Para poder levar a cabo esta execución así como outras moitas dun xeito ordenado e planificado, o ente público iniciou en abril deste ano 2020, coa publicación do anuncio da licitación no diario Oficial da Unión Europea, un procedemento contractual para a redacción de máis de 50 proxectos de melloras portuarias que serán executadas nos vindeiros anos en peiraos das tres provincias costeiras.

Deste xeito, a Consellería do Mar avanzará na tramitación de medio centenar de obras que buscan dar resposta ás necesidades dos usuarios dos portos, e que foron trasladadas ao ente público polo sector profesional nos últimos meses.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1.-) En que consistirán máis polo miúdo estas execucións de mellora nos portos?
- 2.-) Cales son as obras de melloras portuarias e en que portos se contemplan?
- 3.-) Canto destina o ente público para estes traballos?

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2021



**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 21/07/2021 19:17:57**

**José Manuel Balseiro Orol na data 21/07/2021 19:18:09**

**José Alberto Pazos Couñago na data 21/07/2021 19:18:19**

**Ana Belén García Vidal na data 21/07/2021 19:18:28**

**Manuel Santos Costa na data 21/07/2021 19:18:44**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 21/07/2021 19:18:48**

**Daniel Vega Pérez na data 21/07/2021 19:18:57**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre o traslado de alumnos do IES Fragas do Eume ao IES Breamo, na localidade de Pontedeume.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión da Consellaría de Educación de converter o IES Fraga do Eume nun centro integrado de FP –segundo o informado pola devandita Consellaría, aumentando a oferta formativa en 80 prazas- está a xerar numerosas críticas no seo da comunidade escolar e, en xeral, da cidadanía afectada. Con esa finalidade, trataríase de trasladar 150 rapazas e rapaces do IES Fraga do Eume ao IES de Breamo –que conta na actualidade con 350 alumnas e alumnos; co que se produciría un aumento ao redor do 43% máis do alumnado.

Alén da afección aos dous devanditos centros, a medida tería tamén impacto nos centros adscritos públicos, a saber: CEIP Andrade, CEIP Eladia Mariño (Cabanas) CEIP Couceiro e CPI Castro Baxoi (situado en Miño que trocou hai anos a adscrición para o bacharelato de Betanzos a o IES Breamo); así como tamén os concertados da Grande Obra de Atocha e Luis Vives. E chama a atención que cando nalgunhas poboacións – coma o caso de Miño- estase a denunciar masificación –e reclamar a construción dun novo centro de secundaria, se opte por suprimir outro do mesmo nivel.







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A decisión da Consellaría estase a aplicar con total opacidade, toda vez que se prescindiu do necesario diálogo coa comunidade educativa; carecendo ademais dun proxecto concreto axustado á realidade na que se vai concretar e, por suposto, recursos para levalo a cabo. Todo isto, fomentando un clima de incertidume e preocupación nas 500 alumnas e alumnos e das súas familias, privadas da necesaria información.

Comentamos xa o feito de que esta medida levaría parello o incremento do 43% do alumnado do IES Breamo, e non cabe pensar que unha medida dese calibre poida levarse a cabo sen ampliar instalacións, redeseñar espazos e reforzar o cadro de persoal en todos os ámbitos. De feito, segundo datos aportados por persoas da comunidade educativas, só en aulas precisaría 6 máis, sen ter en conta os desdobres que están a facer en ambos centros e, a maiores, precisarían máis aulas TIC, laboratorios, biblioteca, taller de tecnoloxía, dotacións deportivas, servizos hixiénicos, espazos exteriores, etc. Do que non se pode concluír máis que as instalacións actuais do Breamo resultan claramente insuficientes para acoller debidamente ao alumnado do Fraga do Eume.

Do mesmo xeito, non hai dúbida que a carencia de aulas e espazos suficientes derivará nun aumento de ratios; o que colisiona totalmente coa práctica que nos últimos anos estivo a facerse nos dous centros –Fraga do Eume e Breamo- no sentido de facer desdobres necesarios para obter a calidade educativa actual. E, lóxicamente, o aumento de ratios e dificultade para os desdobres, dificultará atención individualizada e á diversidade.

E, por se non fose abondo, compre lembrar que estamos nunha situación de pandemia, onde as condicións do aire –boa ventilación e non masificación- son unha clave fundamental para desenvolver a actividade nos centros educativos. E finalmente, considerar tamén os prexuízos que estes cambios e incertezas van actuar negativamente na estabilidade emocional do alumnado, xa afectada pola devandita pandemia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Lembramos que no IES Fraga do Eume actualmente desdóbranse tres grupos de forma que pasan a funcionar 9 grupos en lugar de 6, como correspondería por tratarse dun centro dunha liña.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. A integración vai supor un aumento dos ratios ou, como sería desexábel, vanse manter as liñas actuais, aumentando polo tanto unha liña en todos os niveis de ESO e Bacharelato no IES Breamo?

. O traslado de alumnado vai ir acompañado do traslado a este centro do profesorado de ESO e Bacharelato co que conta actualmente o IES Fraga do Eume, de forma que se manteñan os desdobramentos e as demais medidas de atención educativa existentes no curso que agora remata?

. Que obras se acometeron ou van acometer para a dotación de aulas suficientes que acollan ao alumnado sen redución de opcións que permitan reforzos, desdobres, optativas, etc?

. Os espazos de lecer tamén van ser ampliados e/ou acondicionados?

. De seguirmos o próximo curso coas medidas COVID, hai garantía de que poidan cumprirse gardando as distancias de seguridade?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**  
**Mercedes Queixas Zas**  
**Manuel Lourenzo Sobral**  
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 22/07/2021 09:19:42**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2021 09:19:51**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/07/2021 09:20:06**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado decembro chega á localidade de Teixeiro unha familia inmigrante con tres fillos/as.

Solicitan colexio no centro de referencia e non se lles dá praza porque a ratio do curso de 3º de Primaria non o posibilita.

Ofréceselles a posibilidade de asistiren ao colexio de Curtis utilizando o autobús que traslada o alumnado de Teixeiro ao IES de Curtis .

Non importa que estas crianzas teñan que andar 1,8 kms entre o domicilio e a parada, nin que non haxa beirarrúas, nin alumeado público.

Unha vez no IES de Curtis teñen que camiñar medio quilómetro máis ata o CEIP, claro que tanto ten porque como chegan con case unha hora de antelación teñen tempo dabondo. Os pais con bo criterio pagan un servizo de madrugadores para que non teñan que agardaren na rúa.

Ao remate da xornada escolar teñen de facer o percorrido inverso ata chegaren á casa, sen comer, claro, porque non teñen dereito a comedor.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A familia solicita praza en tempo e forma para o vindeiro curso no CEIP de Teixeira que é o seu centro de referencia e vénlle denegada por falta de prazas libres debido, una vez máis, á ratio autorizada para ese nivel de 4º de EP.

### **SOLICITA:**

1. Que, con carácter inmediato, e tentando mellorar a calidade de vida dos meus fillos escolares de primaria, **dispoñan de un transporte dende a parada que corresponde ao domicilio familiar ata o CEIP de Curtis.**

2. **Que no vindeiro curso escolar 2021-2022, o meu fillo teña praza no CEIP de Teixeira para cursar 4º E.P.,** tal como xa presentamos na solicitude de admisión.

Este relato é un resume do escrito enviado por esta familia á Administración educativa o 5 de maio vista a burda e inmoral resposta e desentendemento da Administración dos dereitos que lles asisten a estes, “seres humanos de pleno dereito”.

Nada máis a engadir coma comentario a esta increíble situación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Quen toma a decisión de negar a praza no CEIP de Teixeira á chegada desta familia?

. Que coñecemento ten a Inspección educativa desta decisión e que solución recomenda no seu momento?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. De quen emana a solución adoptada de trasladalos ao Ceip de Curtis usando o transporte do Instituto?

. Por que razón non desfrutan do dereito a comedor?

. Han pedir responsabilidades aos responsables desta violación de dereitos?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/07/2021 09:22:00**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2021 09:22:04**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/07/2021 09:22:12**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de ampliación da oferta formativa en interpretación de lingua de signos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, estímase que existen en Galiza uns 800 intérpretes titulados mediante a formación regulada na Titulación de Técnico Superior de Interpretación da Lingua de Signos e Guía-intérprete de Persoas Xordocegas que se impartiu no CIFP Ánxel Casal da Coruña entre os cursos 2000-01 e 2015-16.

Nesta altura, en Galiza non dispomos de oferta formativa desa cualificación oficial profesional, pois o Ciclo Superior de Mediación Comunicativa non alcanza os obxectivos nin o grao de formación que si atendía a mencionada e xa extinta titulación.

Este baleiro formativo existente desde o ano 2016 explica que na actualidade non haxa unha oferta suficiente de intérpretes en disposición de traballar e de atender as demandas dos servizos de interpretación.

Ao non se acrecentaren novas promocións, non se pode garantir a dispoñibilidade de profesionais para traballar nos distintos sectores nos que se precisan, é dicir, os servizos públicos (ensino, sanidade, ámbito xurídico, administrativo...), o ámbito asociativo e os servizos privados puntuais.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta situación, constatada desde a delegación galega da Federación Española de Intérpretes de Lengua de Signos y Guías-Intérpretes, aínda se ve agudizada pola imposibilidade de accederen os profesionais da interpretación a estudos de grao no sistema universitario galego para avanzar na súa especialización.

Poder optar á formación universitaria de intérpretes de lingua de signos abriría a posibilidade de que os actuais profesionais, estean ou non en activo, poidan optar a unha titulación superior para poder obter mellores condicións de traballo.

Nesta altura esta formación só é accesíbel fóra de Galiza, o que dificulta, cando non imposibilita, as facilidades para o seu acceso, tanto para persoas traballadoras con vontade de ampliaren a súa formación como para novas estudantes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta da insuficiente oferta de profesionais da interpretación en lingua de signos para atender as necesidades reais da poboación xorda?

. Concorda o goberno coa necesidade de ampliar a oferta formativa en interpretación de lingua de signos na oferta pública da formación profesional?

. Concorda coa necesidade de ofrecer desde o sistema universitario galego esta formación de grao para ampliar a súa formación e especialización?

. Que medidas se adoptaron por parte do goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime desta cámara de ofertar servizos de intérpretes na sanidade pública galega de forma continuada?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

. Está cuberta esa atención tan imprescindible á que teñen dereito as persoas xordas?

. Que procedemento empregaron para dar resposta a este servizo?

. Que medidas se compromete a activar a Xunta de Galiza para atender as necesidades formativas de profesionais intérpretes de lingua de signos, actualmente insuficientes?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2021 09:23:27**

**Olalla Rodil Fernández na data 22/07/2021 09:23:37**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/07/2021 09:23:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a situación do alumnado da FP Básica que cursa estudos nos CIFP trala súa exclusión dos programas Recupéra-t.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Educación vén de publicar resolución do 14 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen as bases para a convocatoria de Contratos-programa Recupéra-T no marco do Plan Recupera, dirixido a centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.

Nesta convocatoria, sorprendentemente, exclúese unha parte do alumando do acceso a estes programas. Un agravio que afecta ademais a parte do alumnado que máis precisa este tipo de axudas como é o alumando de FP Básica. Esta exclusión prodúcese polo único motivo de cursar estudos de FP Básica nun Centro Integrado de Formación Profesional.

Esta discriminación ao alumnado da FP básica que cursa estudos nos centros integrados a respecto dos que a estudan nos IES supón un novo despropósito na atención ao alumnado de FP básica. Un despropósito que se revela se cadra maior se temos en conta que é a propia Consellaría a que sinala que o proxecto dos contratos programa Recupéra-T “*constitúese como o marco para a mellora dos resultados*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*escolares do alumnado, especialmente o máis vulnerable, e reflicte a estratexia de fomento da calidade, a equidade, a inclusión e o éxito na educación e formación.*

O contrato-programa Recupéra-T que se porá en marcha no vindeiro curso académico pretende, segundo a propia Consellaría, e “*reducir o impacto que a covid-19 tivo sobre o alumnado e as súas repercusións futuras, e proporcionar a atención educativa necesaria para a compensación de desigualdades xurdidas por esta situación*”. Neste sentido, e segundo a Consellaría, “*constitúese como o marco para a mellora dos resultados escolares do alumnado, especialmente o máis vulnerable, e reflicte a estratexia de fomento da calidade, a equidade, a inclusión e o éxito na educación e formación.*”

Non semella razoábel que sendo estes os obxectivos destes programas fiquen excluída unha parte do alumnado polo único feito de cursar estudos nun CIFP.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai a Consellaría de Educación cesar na discriminación ao alumnado de FP Básica dos CIFP e permitir o acceso deste alumnado aos contratos-programa Recupéra-T en igualdade de condicións que os cursan estudos nos IES?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2021

Asdo.: **Manuel Lorenzo Sobral**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/07/2021 09:25:12**

**Mercedes Queixas Zas na data 22/07/2021 09:25:16**

**Daniel Castro García na data 22/07/2021 09:25:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**María González Albert, Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a eliminación de profesorado e peche de grupos educativos no CEIP Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Xosé Manuel Folla Respino é o único centro escolar no concello de Vilamartín de Valdeorras; un concello con 1.812 habitantes situado na comarca máis oriental de Galiza. Este centro pechou o 30 de xuño con 21 alumnas e alumnos matriculados para o curso 21/22, o que levou á Consellaría de Cultura, Educación e Universidade a anunciar a eliminación de todas as prazas de profesorado especializado que estaban vinculadas ao centro.

Así, un centro que a día de hoxe contaba con 4 profesionais pasará, se ningún o remedia, a principiar o curso en setembro con só 2 profesores e medio perdendo polo camiño todo o profesorado especialista o que levará, entre outras cuestións, á perda do director do centro que está especializado en educación física.

Este feito trae consigo un inevitábel proceso de deterioro da calidade do ensino ao propoñerse para o próximo curso a existencia de só dúas aulas de infantil e primaria. Unha que acollería a todo o alumnado de infantil unido ao de 1º de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Primaria (con 9 nenas e nenos) e unha segunda aula que unificaría ás nenas e nenos de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria. Este último grupo unirá cun único docente a rapaces de entre 6 e 12 anos. Deste xeito resulta evidente que a atención escolar decaerá de xeito acusado.

Esta problemática é afrontada pola Xunta de Galiza de xeito expeditivo condenando ao CEIP Xosé Manuel Folla á desaparición en poucos anos e aos nenos e nenas que xa están matriculadas nel a un ensino condicionado pola falta de recursos humanos e materiais que en ningún caso garante o servizo público que a Administración galega está obrigada a proporcionar nin a igualdade de acceso a un ensino público de calidade.

Así as cousas a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade xa ten anunciado que independentemente do número final de matriculadxs que poida facerse efectivo en setembro non ten pensado modificar a decisión de eliminar o profesorado especialista no colexio de Vilamartín.

Esta planificada política de desmantelamento posta en marcha pola Xunta de Galiza sèrvese do único criterio das ratios de alumnado para pechar aulas e colexios, o que está a supor un problema xeneralizado no rural galego condenando aos colexios das contornas rurais á progresiva desaparición e polo tanto colaborando co despoboamento.

A decisión da Consellaría está a provocar un enorme malestar na comunidade educativa e no conxunto da cidadanía de Vilamartín de Valdeorras, deixando ás claras de novo o desprezo do Partido Popular cara calquera tipo de diálogo coa comunidade educativa e a propia supervivencia do rural neste país. Ao tempo,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

redunda no xa triste balanço destes anos de Goberno de Alberto Núñez Feijoo no que atinxe ao ensino galego; sumando récords de recortes en aulas, escolas e profesorado eliminado; empobrecendo inexorablemente o sistema educativo deste país e nomeadamente o do medio rural.

Desde o BNG vemos con indignación este ataque frontal ao CEIP Manuel Folla Respino de Vilamartín; ataque que resulta inaceptábel para as familias usuarias do centro e que non oferta máis posibilidades ao concello de Vilamartín que avanzar a pasos axigantados cara o despoboamento e o abandono.

Por todo o exposto fomúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-É consciente o goberno galego das consecuencias para Vilamartín de Valdeorras deste recorte de profesorado e aulas no CEIP Xosé Manuel Folla Respino?

- Ten previsto a Xunta de Galiza rexeitar a proposta do servizo de Inspección de suprimir as especialidades de profesorado no CEIP Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras?

- Consideran a posibilidade de manter a actual estrutura formativa do CEIP Xosé Manuel Folla Respino cunha unidade de infantil e 3 unidades de Primaria?

- Valoran a posibilidade de modificar o seu sistema de ratios para bonificar aos centros do rural de Galiza pola función estabilizadora de poboación nas súas respectivas localidades?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- Teñen algún tipo de proxección do número de aulas e centros que teñen previsto pechar no rural galego nos próximos 3 anos tendo a conta os datos dos últimos 10 anos nese sentido?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

**Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María González Albert na data 22/07/2021 09:26:58**

**Noa Presas Bergantiños na data 22/07/2021 09:27:08**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 22/07/2021 09:27:17**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/07/2021 09:27:24**





## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

O pasado venres 16 de Xullo publicouse a Sentencia da Audiencia Nacional que resolvía o recurso interposto pola asociación medioambiental GREENPEACE e o Concello de Pontevedra contra a concesión dunha prórroga de 60 anos a empresa pasteira Ence, outorgada polo goberno de Mariano Rajoy no ano 2016.

A sentenza no seu fallo estima o recurso interposto por entender que a situación na que se atopa esta pasteira, isto é en zona de dominio marítimo terrestre, non é axeitada a dereito.

E mantén que a lexislación unicamente permite esta localización cando se trata de actividades ou instalacións que, dada a súa configuración e especiais características, deben estar situadas no dominio público marítimo terrestre, isto é, actividades que pola súa natureza non poden situarse noutro lugar, non por razóns de interese ou conveniencia, senón pola súa vinculación co dominio público, vinculación que esixe a súa ocupación no desenvolvemento da citada actividade.

E entende que esa vinculación da planta de celulosa co dominio público marítimo terrestre, no sentido exposto e a os efectos deste artigo 32.1 da Lei de Costas, de toda a proba practicada nos autos non resultou acreditada.

Tras esta resolución e a espera da firmeza da Sentenza, a Administración competente en materia de desenvolvemento industrial de Galicia, que é a Xunta de Galicia, ten que buscar unha solución que permita a continuidade desta actividade industrial en Galicia.



Todos somos conscientes da importancia que ten este actividade para a economía galega e do número de postos de traballo, directos e indirectos, que esta xera, polo tanto, non podemos permitir que o traslado da mesma sexa fora do noso territorio.

É momento de poñerse a traballar coa empresa para acadar unha solución xusta que permita manter todos eses postos de traballo.

Agora o goberno progresista de España lidera unha mesa de diálogo, na que participan a empresa, as diferentes administracións e os representantes dos traballadores, para tratar de acadar un consenso que leve ao traslado da pasteira dentro do noso territorio.

Pero isto so non chega xa que se necesita vontade real por parte do goberno de Feijóo, que non fixo nada durante este tempo, a pesar de ter a Xunta de Galicia, as competencias exclusiva en materia de industria e desenvolvemento económico do territorio.

Levamos meses falando da oportunidade dos fondos europeos, para impulsar proxectos que teñan como obxectivo transformar a sociedade e atopar solucións reais aos retos máis complexos, como a dixitalización, a transición ecolóxica ou a igualdade.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista creemos que, polo tanto, temos unha oportunidade histórica, para trasladar a empresa e ampliar a súa produción permitindo que acabara o ciclo.

A Xunta de Galicia ten que deixar de botar balóns fora e poñerse a traballar, para dar un futuro a Ence no noso territorio, un futuro a todos eses postos de traballo e a economía galega.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está o goberno da Xunta de Galicia a buscar un emprazamento alternativo para a empresa Ence?
2. Que ten previsto facer o goberno da Xunta de Galicia para que a empresa Ence manteña a súa localización en Galicia?



3. Como vai actuar o Goberno galego para evitar o risco de perda desta actividade industrial e de centos de postos de traballo?

Pazo do Parlamento, 21 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/07/2021 09:24:54**

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/07/2021 09:25:02**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2021 09:25:14**

**Patricia Otero Rodríguez na data 22/07/2021 09:25:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Carmen Rodríguez Dacosta e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio.

Na actualidade, todos os concellos de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiamento con FEADER.

O 26 de decembro de 2018 a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais e a Fegamp, firman un convenio de colaboración, en materia de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento e apoio do funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES), con vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Os GES complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan obstáculos á hora de intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización dos ditos grupos.

Tamén participarán en labores de prevención de incendios.



Para acadar esta colaboración pretendida, as partes comprométense neste convenio a asumir o seguinte financiamento: o 52,5 % por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5 %, das entidades locais (deputacións provinciais 40 %, concellos 7,5 %).

Durante estes anos de vixencia do convenio, xurdiron moitos problemas, principalmente derivados da falla de coordinación, falla de persoal, ou de capacidade técnica dalgúns concellos.

No mes de decembro deste ano expira a vixencia deste convenio, polo que dende o Grupo Socialista entendemos necesario que o Goberno da Xunta de Galicia se poña a traballar xa no próximo convenio.

Un convenio que se leve a cabo de forma consensuada entre a Xunta de Galicia, as deputacións e a Fegamp, así como con AGESA e persoal experto na materia e que poda así mellorar o anterior, en aspectos tan importantes como a coordinación; a necesidade de aumentar a 3 a queda obrigatoria do servizo; modificar a denominación a Bombeiros - GES; a creación dunha bolsa de traballo para cubrir as baixas; ou a delimitación das tarefas que este grupo ten que desempeñar, entre outras.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando ten previsto o goberno da Xunta comezar a traballar na redacción dun novo convenio de colaboración, en materia de emerxencias, prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento e apoio do funcionamento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES)?
2. Vai o goberno da Xunta de Galicia consensuar previo a redacción do novo convenio, coas deputacións provinciais, a Fegamp, e as asociacións representantes das persoas traballadoras do sector?
3. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia corrixir as eivas do convenio vixente que levaron a deficiencias no funcionamento deste servizo?
4. Como valora o goberno da Xunta de Galicia o funcionamento dos GES durante estes anos de vixencia do convenio?



5. Que aspectos entende mellorables respecto á situación actual?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey  
Pablo Arangüena Fernández  
Carmen Rodríguez Dacosta  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 22/07/2021 09:33:47**

**Pablo Arangüena Fernández na data 22/07/2021 09:34:14**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/07/2021 09:35:04**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/07/2021 09:35:13**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a EDAR do Polígono da Madanela de Melide.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Houbo un tempo en que cada concello tiña o seu vertedoiro de residuos particular onde se vertía, queimaba e enterraba o contido dos contedores de lixo porque se puxera de moda aquilo da "recollida de basura" e ninguén quería quedar atrás.

Tamén se puxera de moda o dos Parques Industriais e os concellos, quen máis quen menos, procuraron solo e montaron o seu parque, improvisadamente, sen orde nin concerto, vaia, da maneira en que algúns alcaldes e alcaldesas fan as cousas neste País do *...ti vai facendo...*

